



## **MOCIÓN APROBADA NO PLENO DO PARLAMENTO DE GALICIA**

**13 de abril de 2010**

**08/MOC-0047 (29500)**

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia  
Quintas Álvarez, María Remedios

Sobre as posibles irregularidades detectadas polo actual conselleiro de Cultura e Turismo nos anteriores anos xacobeos en materia de adxudicación de obras de construción ou remodelación de albergues e de restauración de patrimonio.

“O Parlamento de Galicia insta ao Goberno galego a:

- 1.º) Presentar no Parlamento, nun prazo non superior a 15 días, a relación de albergues adxudicados con presuposto destinado ao Xacobeo 2010.
- 2.º) Presentar no parlamento, nun prazo non superior a 15 días, a relación de empresas adxudicatarias para a construción e a remodelación de albergues do Xacobeo 2010.
- 3.º) Presentar no parlamento, nun prazo non superior a 15 días, a relación de infraestruturas de patrimonio rehabilitadas con orzamento do Xacobeo 2010.
- 4.º) Presentar no parlamento, nun prazo non superior a 15 días, a relación de empresas adxudicatarias de obras de restauración de patrimonio en orzamento 2010.
- 5.º) Presentar no parlamento, nun prazo non superior a 15 días, a relación de albergues de nova construción, así como os que

sexan obxecto de remodelación e restauración de patrimonio artístico, previstos no Xacobeo 2010.

6.º) A que compareza na causa como “acusación particular” á vista de como discorre a instrución, tendo en conta que funcionarios dependentes da Consellería de Cultura e Turismo da Xunta de Galicia están imputados na causa, por lucrarse e comprometer bens públicos.

7.º) Realizar un Plan de intervención do patrimonio eclesiástico, que conteña actuacións a desenvolver neste ámbito, en función de criterios obxectivos e que dote de maior transparencia á xestión dos fondos que se destinan á recuperación e restauración do patrimonio eclesiástico”.